# Informe actuacións SGHN 2016

## Sociedade Galega de Historia Natural




Entidade Científica sen ánimo de lucro fundada en 1973. Inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918. Inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110. Nº AO/C-000/382 do Rexistro de Asociacións Culturais Galegas. Membro do Consello Galego de Medio Ambiente.

Os cargos directivos da SGHN son estatutariamente non remunerados.

# XUNTA DIRECTIVA XERAL

## ACTIVIDADES DESTINADAS Ó PUBLICO EN XERAL (6)

-Auga, ríos e humidais: 4 conferencias en Betanzos, Muiños, Verín e Pontevedra.
-Incendios forestais: 2 conferencias no Carballiño e Santiago de Compostela.

Asistencias a órganos de participación (1)
-Asistencia a reunión do Observatorio Galego da Biodiversidade (21-12-2016).

Escritos presentados (246)
-Agricultura-Gandería (208 escritos): alegacións a 26 peticións de cambio de uso de forestal a agrícola e a 181 granxas novas ou ampliacións. Pregunta sobre avaliacións resultados concentracións parcelarias.
-Árbores-bosques (3 escritos): alegacións á Revisión do Plan Forestal de Galicia e 2 preguntas sobre talas (bosque aluvial en Dodro e Bidueiral Montederramo).
-Auga (6 escritos) sobre o río Limia: alegacións a dragado na zona urbana, denuncia diante da Unión Europea por incumplimento da Directiva 2000/60, petición modificación acción B3 proxecto Life Regenera Limia (reconexión meandro) e pregunta sobre captacións ilegais directamente do río.
-Biodiversidade (7 escritos): petición seguridade batidas porco bravo, alegacións ao proxecto de Paratermo Enerxía en Viana do Bolo por afeccións a especies ameazadas, alegacións a ampliación-legalización de granxa de visóns en A Baña, apoio ao proxecto de "Campaña de información sobre plantas exóticas invasoras (PEI)" e petición de erradicación de *Ludwigia grandiflora* no río Barbaña.
-Enerxía (1 escrito): alegacións á central térmica de biomasa en Vilalba.
-Espazos naturais (13 escritos), por realización de probas deportivas (Costa da Morte, Costa de Dexo, Courel, Enciña da Lastra, Xurés e outro xenérico), incendio no PN Corrubedo, verquido de entullos en Costa da Morte, reapertura canteira en PN Enciña da Lastra, desbroces vexetación acuática e ribeireña na Lagoa de Sobrado, proxecto de innivación artificial na estación de esquí de Manzaneda e proxecto de Paratermo Enerxía en Viana do Bolo, plan de xestión da RB Eo, Oscos e Terras de Burón, PORN de Pena Trevinca.
-Minería (10 escritos): alegacións ao Plan Sectorial das Areeiras da Limia, a 5 explotacións novas ou ampliacións e remisión dos "Papeis de Corcoesto" ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entrevistas medios de comunicación (9)
-Radio: 6 entrevisas sobre innivación artificial estación esquí de Manzaneda, os papeis de Corcoesto, cirrios e anduriñas, incendios forestais e especies invasoras.
-Televisión: 1 entrevista sobre Eucalyptus nitens.
-Xornais: 2 entrevistas sobre especies invasoras.

## XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS e PUBLICACIÓNS

- Xestión contable adaptada á normativa legal de aplicación.
- Mantemento e actualización páxina web.
- Publicación dixital do nº 14 da revista BRAÑA.
- Publicación do nº 53 da revista Paspallás
- Xestión do facebook da Xeral.

# DELEGACIÓN DAS MARIÑAS

Informe de Situación

Despois de celebrar o décimo aniversario da Delegación no 2015, este 2016 foi un ano con menor número de actividades. Tamén non houbo grandes obras e proxectos na comarca ao que facer alegacións e iso tamén influíu no menor número de escrito e denuncias. A nivel organizativo o máis destacable foi a celebración dunha asemblea da Delegación onde eliximos unha nova directiva.

**DIVULGACIÓN**

-Cursiños:aves invernantes en febreiro con saída a Umía-O Grobe. Introdución ao debuxo da natureza en maio. Cogomelos en novembro con saída de campo a Sobrado. Plantas medicinais con saída de campo ao Courel.
- Saídas guiadas: Á serra de Ancares e a serra da Capelada.
En total nas actividades de divulgación participaron 96 persoas.

**OUTROS**

- Presentación de alegacións ao proxecto de rexeneración da ría do Burgo.
- Artigo de opinión na revista "Areal" sobre as graves inundacións en Sada.
- Entrevista formal co alcalde de Sada para tratar sobre a declaración do humidal das Brañas como ENIL.
- Participación nunha mesa redonda sobre a rexeneración da praia de Sada celebrada no CEIDA o 9 de marzo.
- Participación nas reunións da xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural "As Mariñas-Betanzos" en representación da mesa de medioambiente e mozos ( 5 reunións).
- Participación nas asembleas do Grupo de Acción Costeira "Costa Ártabra"( 2 reunións).
- Realización das mostraxes trimestrais do seguimento de carnívoros medianos en colaboración co grupo GEAS nos concellos de Sada e Bergondo.
- Realización do censo de aves invernantes da ría de Ares-Betanzos e encoro de Cecebre.
- Participación nas actividades organizativas e de voluntariado da Fundación Fragas do Mandeo dedicada á custodia do territorio.
- Mantemento do Facebook da Delegación con incremento constante do número de contactos.

# DELEGACIÓN DE FERROL

Informe de Situación

Ano de transición con renovación do equipo na Delegación. Entran en Abril Xan Rodríguez Silvar (Delegado), Paula Gasalla (Secretaria) e Armando García Rivas (Tesoureiro). Paula Gasalla dimite o 14/12 por motivos persoais, e é substituída por María Xosé Méndez Testa. Reorganízase o funcionamento da Delegación para atender a actividades comprometidas con outras entidades e priorízase á atención ao Museo. Retómanse as actividades para os socios; ponse en función un grupo de voluntariado.

**ESPACIOS LIC**

- Realízanse xestións relativas aos desbroces en duna gris en Pantín (Valdoviño) do LIC Costa Ártabra, cunha entrevista co Alcalde e dous Técnicos de Conservación na Delegación Territorial de A Coruña, xestións que se continúan no tempo con catro chamadas telefónicas e tres visitas ao campo.
- Contáctase en relación co tema da xestión das dunas de Pantín coa organización do concurso internacional Pantín Classic e o club local Xisto de surf de Pantín, mantendo unha reunión sobre a colaboración conxunta na minimización de impacto do concurso sobre o LIC.
- Consúltase co responsable de Biodiversidade na Coruña, Manuel Rodríguez Solórzano, a posibilidade de inclusión da Camariña no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Requírese un informe técnico para avalar a petición.
- Participase no programa de seguimento da Píllara das dunas en representación da SGHN. Representase á SGHN nunha xuntanza en Santiago convocada por Rogelio Fernández, como representante de Conservación, Xunta de Galicia e responsables da mesma de Pontevedra e A Coruña, Axentes forestais, Concello do Grove, SEO Pontevedra e G.N. Hábitat.

Colabórase dende os meses de marzo a agosto no control e seguimento de niños dende Ferrol a Cedeira, coa participación estable de 6 voluntarios. Realízanse a interlocución co concello de Ferrol e a empresa Urbaser sobre a limpeza de praias. Contactos regulares cos concellos de Valdoviño Cedeira sobre este tema.

- Mantense a participación mensual nas observacións da Rede de Aves Marinas (RAM) dende Cabo Prior.
- O Delegado representa á SGHN nunha reunión en San Román de Cervantes, nos Ancares co gallo do 10º aniversario da Reserva da Biosfera.

**OUTROS ESPAZOS - XEIRAS NATURALISTAS**

-Mulleres e Ciencia nos "Sábados miúdos" na sala expositiva mariña do Museo. Marzo 2016.
-Sábado 5. Ánxeles Alvariño, oceanógrafa.
-Sábado 12. Antonia Ferrín, a olladora de estrelas.
-Sábado 19. Rebeca Atencia, misión no Congo.
-Semana Santa 2016
21/03. Observando aves na Malata. Concellería de Turismo Ferrol.
-Saída intermareal ás Illas Mirandas, 07/05/2016
-Charla voluntaria para o Campamento Urbán do Concello de Valdoviño
-Saídas "A biblioteca sae ao medio":
·Lendo a Natureza nos Cantóns de Molíns. 23/04
·Lagoa e sistema dunar de Doniños-Nocturna. 16/09/2016. https://goo.gl/2LTN19
·Lagoa e sistema dunar de Doniños-Diurna. 24/09/2016
-Pantín Classic. Rutas didácticas, 01-02/09
-FerrolNaturalmente. Oito actividades retribuídas polo Concello de Ferrol. https://goo.gl/FT3SPm

**OUTROS**

07/01. Entrega á SGHN da Insignia de Ouro de Ferrol no Teatro Jofre.
23/03. Exposición fotográfica de Ramiro Segade: "Visións dun ferrolán"
07/05. Sinatura dun convenio para prácticas de alumnado de Humanidades no Museo
27/07. Inspección do Servizo de Bombeiros da situación do local e instalacións do Museo.
30/09 Sinatura de convenios coa UDC para prácticas de alumnado do Máster de Museos, Arquivos e Bibliotecas.
16/09. Convenio "A Biblioteca sae ao medio". Saída nocturna a Doniños.
22/10. Xornadas Naturalista Lembeye. Organizadas en colaboración co Grupo Naturalista Hábitat co gallo do 150 aniversario do naturalista nado en Ferrol e afincado en Cuba. Charla no Museo da SGHN. https://goo.gl/Frmvz0
23/10. Xornadas Naturalista Lembeye. Visita á Aula Lembeye e á casa familiar en Cambre
Setembro-Decembro. Prácticas nu Museo de catro alumnos do Máster de Museos, Arquivos e Bibliotecas.
3/11. Participación do Delegado en representación do Museo no ForoVoz sobre "Turismo desestacionalizado" en A Fundación de Ferrol. https://goo.gl/4VzxPh
28/11. Asistencia ao Congreso Galego de Ornitoloxía en Pontevedra e intervención na ponencia sobre o Plan de Protección da Píllara das dunas.
/12-Solicitude da Concellería de Mocidade dunha saída para alumnado de 4º da ESO a realizar en 2017.

## *DELEGACIÓN DE OURENSE*

Informe de situación:

Destaca como traballo habitual da Delegación, o seguimento diario da problemática medioambiental da provincia; a través dos medios de comunicación e boletíns oficiais, que si procede remítense por correo electrónico á Xunta Directiva Xeral da SGHN e resto das Delegacións. Así mesmo o envío de colaboración para a páxina electrónica de SGHN e a participación nos temas propostos pola Xunta Directiva Xeral de SGHN.

Como novidade a formalización coa Universidade de Vigo da realización de prácticas para un alumno de Ciencias Medioambientais, que colaborou na impartición de charlas sobre os incendios forestais a colexios, preparación de datos sobre arborado urbano e participación na organización e desenvolvemento dunha saída ambiental. Cómpre suliñar a colaboración con outras asociacións, como a Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas, o Ateneo de Ourense, ou o Museo Arqueolóxico de Ourense, así como Ríos con Vida, Amigos da Terra, Asociación Veciñal de Lucenza, Laroucofest, Comité de Defensa do Monte Galego, Asociación Cultural Monterrei, Cultura e Territorio, Centro de Estudos Chamoso Lamas, Grupo Outeiro, Universidade de Vigo e La Voz de Galicia. E moi especialmente o traballo conxunto que desde hai seis anos estase a levar coa Sección Antela de SGHN, destacando a xestión, seguimento e axudas na execución dunha subvención para a restauración de hábitats na Veiga de Gomareite, neste momento totalmente rematada; tamén derivado da mesma convocatoria de axudas, colaborouse coas Comunidades de Montes de Lamas e de Abavides para actuacións, respectivamente, nun meandro abandonado do río Limia e na limpeza na veiga coñecida como O Dornallo.

**ESPAZOS**

A Limia resultou o lugar máis atendido pola Delegación con alegacións a varias explotacións porcinas e avícolas.

Denunciouse vertedoiro en Porqueira e a extracción de terra na veiga de Vilaseca, avisados nesta ocasión pola Comunidade de Montes. Solicitouse o peche do acceso á zona de cría de *N. nycticorax* así como a súa inclusión na ZEPA de A Limia, recibindo como única resposta que o lugar era particular e que a administración non podía facer nada; falouse có propietario e pechouse o acceso con candado. Por outro lado pediuse información sobre extracción de area nunha charca recuperada e colaborouse coa administración nas obras de recuperación dun meandro do río Limia ou na retirada da exótica invasora *Ludwigia grandiflora*.

En canto a outros espazos reiterouse solicitude de información sobre canteira no Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e comunicouse e preguntouse sobre unha proba de 4x4 no Xurés, unha ruta de motos e quads polo Macizo Central, unha ruta turística no bidueiral de Montederramo e a travesía denominada Trial Trevinca, solicitando en todas a non afección ás zonas de interese natural. Tamén alegouse ao proxecto de innivación artificial en Manzaneda.

**EXCURSIÓNS**

Día dos Humidais. Visita por A Limia
Cambados e Armenteira
Día do Medio Ambiente. O Carballiño e Castro Cabadoso
Na procura do Abellaruco por terras de A Mezquita
Ponte romana de Ourense

**TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN**

Censos de acuáticas invernantes en Ourense e colaboracións no resto de Galicia
seguimento da nidificación de *Ardea cinerea* en Valdeorras e *Vanellus vanellus* en A Limia
A Vía Nova en Bobadela, visita e comunicación a Patrimonio

**CONFERENCIAS, CHARLAS E OUTRAS ACTIVIDADES**

Paxareando (e algo máis) por un anaquiño de Australia
Notas xeolóxicas sobre a depresión de Ourense
Incendios Forestais, a marea negra dos montes galegos
Exposición: Serra do Larouco, o antes e o despois
Ambiente e arteríoesclerosis no Val do Támega
Convite a socios a varias conferencias sobre o Cambio Climático

**OUTROS**

Con respecto á flora, ademais de colaborar na erradicación de *L. grandiflora* en A Limia, comunicouse a súa presenza no río Barbaña en Ourense, actuando a continuación o Servizo de Conservación e a CHMiño-Sil coa colaboración do Concello de Ourense; así mesmo solicitouse información sobre arborado marcado con "EX" na estrada OU-536 recibíndose unha resposta sinalando que talaríanse as árbores con maior risco para a seguridade viaria; finalmente eliminároнse algunhas árbores secas mais permaneceron practicamente todas as marcadas.

Relacionado coa contaminación, denunciouse vertido de entullos en Parada e Piñor, sabemos que participou o Seprona e existe informe e inicio de expediente ao infractor. Alegouse a varias granxas ao longo da provincial e a unha fábrica de biocombustible en Viana do Bolo, e a explotacións mineiras. Tratouse máis extensamente o tema da aplicación de herbicidas nas estradas, pedindo información, instando o cumprimento da legalidade e solicitando que non se utilizara nos espazos públicos.

Sen esquecer o traballo de seguimento e coordinación na lacra dos incendios forestais de Galicia, colaborando con distintas asociacións e dando saída ás inquedanzas de socios coa publicación dunha carta na páxina electrónica de SGHN: "Quen executa os montes?" ou colgando o manifesto dos veciños de Lucenza, así como participando na manifestación "Lumes, Nunca Máis"; en canto a traballo de campo destaca o seguimento dos incendios forestais de Verín, Monterrei, Cualedro e Oimbra.

Seguimento de temas varios como caza e pesca, enerxía, demografía, política, urbanismo, estradas e ferrocarril, agricultura e gandería, etc.

Continuouse a representación no Consello da Auga da CH Miño-Sil

Participouse como representante no Comité de Caza e nos exames de cazador, xa por último ano pois non se conseguiu a renovación có resto dos grupos ao non ter resposta ás comunicacións de SGHN.

# DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Informe de Situación

Durante o ano 2016 fíxose un seguimento e atención especial óZEC Gándaras de Budiño, realizando varias actividades en colaboración diversas asociacións e presentando varios escritos. Destaca neste eido a colaboración coa delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente e o Concello do Porriño para levantar os alicerces e entullos do centro de interpretación e acondicionamento dunha lagoa temporal na zon.

Realizouse o III Concurso de debuxo, calendario da natureza, no que practicamente duplicouse o número de colexios participantes así como as obras presentadas.

Internamente creouse a vogalía de entomoloxia, que se unen ás de Botánica, Comunicación social e Gándaras, ampliando os membros da directiva.

**ESPACIOS ZEC**

**ZEC ES1140011 Gándaras de Budiño**

Presentación dun proxecto a VozNatura de restauración ambiental na antiga parcela da aula de interpretación natural. Concedida.

No mes de febreiro de 2016, coas autorizacións legais pertinentes, desenvolveuse o proxecto de recuperación da zona ocupada polo desmantelado centro interpretación Natureza Gándaras. Coa maquinaria contratada polo concello do Porriño, realizouse unha charca temporal, durante a cal apareceron os alicerces non retirados, polo que houbo que procedes a unhas obras de emerxencia a cargo da empresa responsable da demolición.

16/01/2016 Censo de Aves acuáticas Invernantes nás Gándaras de Budiño e Ribeiras do río Louro. 10 participantes
07/02/2016 Roteiro interpretativo pola Ruta dos Humidais en Salceda. 18 participantes
06/03/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 10 participantes
23/04/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 52 participantes
30/04/2016 Saida Myxomycetes en Gandaras de Budiño. 4 participantes
08/05/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 10 participantes
21/05/2016 Proxecto Rios/Roteiro Orbenlle-Desembocadura Louro. 26 participantes
05/06/2016 Roteiros Ambientais das Gándaras de Budiño: Ruta circular dos ecosistemas. 38 participantes
02/07/2016 IV Testing fotográfico da biodiversidade das Gándaras de Budiño. 14 participantes
12/08/2016 Noite de estrelas en Faro Budiño. 9 participantes
21/08/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 9 participantes
02/09/2016 Noite das aveliñas. 15 participantes
11/09/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 12 participantes
09/10/2016 Proxecto Rios/Roteiro Orbenlle-Desembocadura Louro. 16 participantes
22/10/2016 Saida micolóxica ás Gándaras de Budiño. 12 participantes
13/11/2016 Rota das Pontes, Poldras e Pontellas nas Gándaras de Budiño. 22 participantes
03/12/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 8 participantes
05/12/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 52 participantes
10/12/2016 Ecoloxía e patrimonio de Faro Budiño. 14 participantes
23/12/2016 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño. 5 participantes
31/12/2016 San Silvestre. 6 participantes.

En total realizáronse 21 actividades ó ZEC Gándaras de Budiño para seguemento do espazo natural, traballo de documentación e preparación de actividades. Nas actividades programadas mensualmente en 2016 houbo unha asistencia total de 363 persoas.

**ZEC ES114017 Serra do Cando**

Sendos escritos ás Consellerías de Medio Ambiente e Economía, Emprego e Industria sobre o selado de explotacións mineiras en Lalín e Forcarei, en zonas de invernada de morcegos.

**XEIRAS NATURALISTAS**

31-01-2016 Xeira con Colectivo Matogueira e Amigos da Terra en Chan da Lagoa (A Groba-Baiona)
22/03/16 Xeira a Rubiá

**OUTROS**

- Mantenemento do facebook de SGHN Pontevedra, chegando a final de ano 2016 con 1.041 contactos, con picos de alcance 7.260.
- Atención a consultar ambientais de socios e non socios (2)
- Censos de aves invernantes, coa participación de 21 persoas. Realizados en nove xornadas de censo.
- Concurso de debuxo a nivel provincial: Calendario da Natureza 2016-2017. Participación final de sete colexios e 58 participantes, sensiblemente inferior ó ano pasado. Entrega de premios e diplomas e libros da SGHN para a biblioteca escolar.
- Realización dun curso de ornitoloxía enfocado ós censos de aves invernantes en dúas xornadas, unha teórica e outra práctica durante o mes de decembro, cunha asistencia de 37 persoas.

# SECCIÓN ANTELA

## XESTIÓN DO TERRITORIO

1.- Humidal Antonio Villarino "PROXECTO RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECA". A previsión máis optimista era a retirada dos áridos da creación dos neocauces xunto co estendido da terra vegetal nos seus bordos. Esto plantexaba un serio problema económico que se solventou coa firma dun "acordo de custodia compartida" cun agricultor que aporta ao convenio unha superficie de case 3000 $m^2$ colindante á parcela de SGHN. Así, antes da chegada das choivas de outono, retiráronse todos os áridos e desenvolveuse a II fase dos traballos de estendido da terra vegetal co esforzo e a colaboración desinteresada dos beónfeitores.

2.- Veiga de Gomareite. Continuou a limpeza e recolleita de residuos co financiamento da Xarxa de Custodia do Territori, recollendo 7,8 $m^3$ de plásticos e residuos varios, 0,3 m3 de vidro e 9 neumáticos. A final de ano os traballos recibiron un grande impluso por mor da concesión dunha subvención vinculada á realización de obxectivos agroambientales e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000 co que se financiou o proxecto: Recuperación de *E. viviparum*,, *V. vanellus* e especies asociadas a humidais na ZEPA da Limia. A subvención aprobada era para executar en dúas anualidades, completándose en decembro de 2016 a primeira fase do proxecto e comenzando a construción dun murete de contención de encharcamientos coa pedra extraída.

3.- Parcelas alugadas ao Bantegal. Proseguen os labores habituais e compromisos adquiridos ademais da elaboración de informes requeridos. Un ano máis colaborouse co Servizo de Conservación de Ourense para a eliminación de Ludwigia grandiflora no río Limia.
Na "poza dous arieiros" realizáronse dúas xornadas de control de especies exóticas invasoras e ampliouse a colaboración para o desenvolvemento de proxectos: Pozas das cegonelas e das conícoras; proxectos para os que se está a espera de informe do Servizo de Conservación.

## OUTROS

Mantívose unha segunda reunión coa CMVMC de Ordes a instancia do concello de Rairiz sen chegarse a ningún acordo de aluguer, colaboración ou cesión, pero mantendo abertos posibles canles de colaboración.

Desenvolvéronse as saídas habituais de celebración do día dos humedales e na procura do abellaruco, ademais dunha saída especial para os beonfeitores ao PN Serra de Enciña dá Lastra.

# SECCIÓN DE ASTRONOMÍA E CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

Informe de Situación

2016 foi un ano de adaptación as novas instalacións, que foron renovadas. Fixeronse diferentes charlas e observacións, continuamos por noveno curso coa actividade principal "Coñecendo o Universo", e comenzase a participación e colaboración con Fotografía Ferrolterra cara a obter as nosas propias fotos de obxétos de céo profundo. Impartíronse charlas e conferencias en 12 Colexios, Institutos e Universidade, así como en 3 asociacións culturais.

## DIVULGACIÓN

Seguimos a colaborar con Diario de Ferrol nas súas páxinas de Nordesía con Efemérides Astronómicas e artigos divulgativos de diferente temática sobre estrelas e obxetos de espazo exterior, por decimo terceiro ano ininterrumpido. Continúa tamén a publicación de artigos de astronomía na revista cultural Columba.
Fixeronse 5 entrevistas sobre as Perseidas e astronomía en xeral nos seguintes medios: Diario de Ferrol, COPE, Ferrol 360 e TVG.

Redacción de efemérides astronómicas para a páxina web da SGHN.

## OUTROS

Comenzamos con fotografía astronómica, cara a obter os mellores resultados, Reanúdase a problemática da contaminación lumínica.

Fánsenos moitas consultas sobre uso de telescopios e observación de planetas, choivas de estrelas, obxetos estranos observados no céo, etc.

## SECCIÓN ENTOMOLOXÍA

**DIVULGACIÓN**

Seguiu a incorporacion de novas fichas identificativas de familias de lepidopteros, parte de Lycaenidae e parte de Nymphalidae. Un proxecto que continua incrementando as fichas e que en breve se enriqueceran con máis.

Actualización e modernización das galerías fotográficas de insectos na páxina web corporativa, realizadas e xestionadas polo consocio Carlos Rey Rañó.

**OUTROS**

Solicitáronse as autorizacións legais para a captura de insectos e realizáronse diversas xeiras entomolóxicas por Galicia.

Colaboración e intercambio de datos co Grupo de Trabajo de Lucanidos Ibéricos, coordinado pola SEA a través de Marcos Méndez.

Atendéronse varias solicitudes de información e identificación de insectos por parte de particulares e prensa (5).

## SECCIÓN HERPETOLOXÍA

Diversas saídas por toda Galicia cara a obtención de datos para o Atlas de Anfibios e Réptiles de Galicia, especialmente centradas nas cuadrículas peor prospectadas nos anteriores anos e tamén nalgunhas especies de distribución máis restrinxida.

Envío de datos á AHE segundo o convenio asinado entre ambas entidades.

Envío dos permisos para a captura e posterior solta de anfibios e réptiles para o ano 2016 aos colaboradores que os solicitaron.

Participación no programa SARE de seguimiento de hérpetos durante o ano 2016 durante os meses de marzo e maio.

Solicitude dos permisos de captura de anfibios e réptiles á Dirección Xeral de Conservación da Natureza para o ano 2017.

## MUSEO DE HISTORIA NATURAL

Informe de situación

En 2016 contabilizáronse 7.133 visitas persoas e un total de 63 colexios e outros centros educativos, tanto da comarca, como da provincia e a Comunidade Autónoma.

**NOVAS PEZAS NO MUSEO**

Montaxe dun gran peixe lúa real, composto este último por dúas reproducións a partir da peza orixinal e onde unha delas, amosa mesmo o seu esqueleto.

Exposición de foca gris e a foca de casco, complementando así o esqueleto e a maqueta da foca gris.

Xeoloxía: Recuperación da colección de minerais da SGHN. Retirada da exposición dunha colección de minerais galegos do xeólogo e socio Francisco Canosa, para ser substituída por unha colección privada con exemplares con presenza por todo o mundo. Xa foron identificadas e clasificadas as tres cuartas partes destes fondos e, na actualidade, se están a restaurar os mobles recuperados dos almacéns exteriores para a súa exposición.

Tartarugas mariñas: Montaxe dunha gran tartaruga *Caretta*. Trátase dunha peza de gran tamaño e, na actualidade, xa está en proceso a montaxe do seu esqueleto.

Mamíferos mariños: Montaxe dunha candorca.

Mamíferos terrestres: Montaxe dun esqueleto de teixugo.

Aves: Recuperación, desinfección e limpeza dun mascato disecado, co fin de completar o moble de aves mariñas da exposición.

Acolleuse o depósito para a súa custodia, do Arquivo Persoal e Científico do botánico Xavier Sóñora, antigo delegado en Ferrol da SGHN. Este depósito compleméntase co Proxecto de Arquivo persoal do botánico Xavier Sóñora (1956-1996), sufragado cunha subvención da Secretaría Xeral de Cultura, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, (DOG nº65, do 6 de abril de 2016) Este ambicioso proxecto, ten como obxectivo principal facilitar un acceso web ás descricións arquivísticas do fondo documental persoal do botánico Xavier Sóñora.

**GRUPO DE VOLUNTARIADO DO MUSEO DA SGHN**

Integrado por 11 persoas dun amplo rango de idade.

Limpeza e conservación da colección de peles

Preparación de rastros: Incorporouse novamente a colección de excrementos de carnívoros á exposición, complemento así a parte relacionada con mamíferos carnívoros galegos.

Mamíferos mariños: Levouse a cabo a restauración do esqueleto de golfiño de flancos brancos *Lagenorhinchus acutus* montado nos anos 90 e considerada unha peza histórica do Museo por ser dos primeiros montaxes óseos e pola precisión da montaxe.

Limpeza e montaxe dun cranio de foca gris dun exemplar novo.

Recuperación de barbas de baleas, procedendo á desinfección e limpeza das mesmas. Peixes: Limpeza, preparación e conservación, dun cabaliño de mar *Hippocampus*.

Levouse a cabo a identificación, por medio dunha chave dicotómica, dos fungos localizados no xardín que forma parte do Museo. Tamén se realizaron uns obradoiros á introdución á microscopía, identificando micro organismos e estruturas por medio dun microscopio e unha lupa binocular.

**OUTROS**

Atendéronse varias solicitudes de información e identificación de fauna, flora e xea, por parte de particulares e prensa (24 consultas).

Asinouse un convenio de colaboración coa UDC, para as prácticas de alumnado do Máster de Museos Arquivos e Bibliotecas, do que se realizou xa unha quenda. Este acordo facilitará a realización dos trámites de homologación oficial como Colección Visitable e como Museo da Rede Pública.

Publicouse un artigo de calado internacional sobre a designación dunha nova especie de Zifio que forma parte do material paleontolóxico de mamíferos mariños do Museo.